

CORO DE VOCES GRAVES CRECENTE DE CONXO

O Coro Crecente de Voces Graves de Conxo naceu en abril de 2019, por iniciativa de varios coristas que participaron na montaxe da Ópera *A Traviata*, que se representou en Santiago e distintas cidades de Galicia.

Na actualidade, o coro está formado por vintedúas voces masculinas, agrupadas en catro cordas, todas persoas afeccionadas á música, e dirixido por Francisco Xavier Freire Chico, compostelán e músico afeccionado. Entre o seu variado repertorio destaca a música popular galega, habaneras, clásica e sacra.

Desde o seu nacemento, Crecente ten intervindo en diversos certames, concertos e actos litúrxicos e segue a traballar para participar en diversas actuacións xa comprometidas para este e o próximo ano. A formación técnica dos seus coristas e a posta en valor do repertorio musical galego, especialmente o feito por músicos vinculados á cidade compostelá, están entre os seus obxectivos. E a exploración dos matices sonoros dunha agrupación formada por voces graves é a súa principal procura desde o punto de vista estético.



CORO DE HABANERAS ROCHA FORTE

O Coro de Habaneras Rocha Forte créase no ano 2013 pola Asociación Cultural de igual nome, e sempre foi o seu director Sebastián Fernández Tapia. Na actualidade componse de 34 voces mixtas con apoio de algúns instrumentos de corda e vento.

O seu repertorio está composto fundamentalmente de cancións habaneras, populares galegas e internacionais. Son numerosos os concertos en que participou ao longo destes anos ben como entidade organizadora ou convidada. Tamén é habitual a súa presenza nos actos culturais da organización.



Romance de D. Gaiferos. Compositor, director e solistas

José Luis Vázquez López (Santiago, 1960) Ten unha ampla formación e traxectoria como barítono. Ademais, posúe unha ampla experiencia e dominio na dirección coral. Cando a catedral compostelá o incorporou como salmista, recibiu o encargo de refundar a *Escolanía*, unha agrupación que cumpriu o seu décimo quinto aniversario cunha grande lista de voces, trinta e dúas. Vázquez tamén foi o responsable da posta en marcha do Coro Cardenal Quiroga. Trátase dun grupo coral que conta hoxe con cincuenta e tres voces adultas; unha agrupación equilibrada.

Santiago López Blanco, natural da parroquia compostelá de Grixoa, cantou na formación de maiores da Catedral no tempo de Nemesio García Carril e no Orfeón *Terra A Nosa* do padre Feijóo. «De Nemesio aprendín moito tecnicamente, era un compositor moi formado que estudara en Roma. E de Feijóo collín a forma de sentir a música coral», indica López Blanco, que logo de estudar no Seminario Menor —onde adquiriu a formación musical—, fixo Maxisterio. Da súa etapa no orfeón lembra a grande aportación da agrupación á formación de músicos de dentro e de fóra do país.

Santiago leva xa tres décadas na dirección da Coral Polifónica de Padrón, «Facemos música galega, relixiosa e tamén algunha habanera; Dirixiu tamén na altura, a centenaria agrupación Cantigas e Agarimos e é o principal responsable da maioría dos arranxos e harmonizacións que o mestre Nemesio García Carril ten feito da música popular, repertorio que, á súa vez, Santiago utilizaba para as distintas agrupacións de nenos e nenas ás que formaba.

Xosé Luís Rivas Cruz, *Mini*, (de Pacios, Begonte 1951) é un profesor, cantautor, compositor, musicólogo e político galego.

Formou parte do grupo *Fuxan os Ventos* desde a súa fundación até 1982 e despois, en 1984, xunto co seu compañeiro Baldomero Iglesias Dobarrío, *Mero*, formou *A Quenlla*, grupo no que continúa na actualidade. Nese mesmo ano compuxo a música da curtametraxe *Mamasunción*. No ano 2007, xunto con *Mero*, doou ao Museo do Pobo Galego as coleccións de cantigas, danzas, lendas e ditos recollidos ao longo da súa traxectoria. Todo este repertorio foi dixitalizado e posto a disposición dos interesados no patrimonio oral galego.

Destaca como compositor e adaptador de cancións galegas e ten realizado un intenso traballo de recompilación do folclore galego. Así, publicou trece discos e arranxou a música de multitude de filmacións.

Nemesio García Carril. Compositor, director e musicólogo nado en Sobrado dos Monxes. Estudou nos conservatorios de Santiago de Compostela (piano) e da Coruña (composición), e posteriormente especializouse na Academia de Santa Cecilia de Roma en composición, dirección e canto, e no Pontificio Instituto de Música Sacra do Vaticano, canto gregoriano e musicoloxía.

En 1971 foi nomeado mestre de capela da Catedral de Santiago de Compostela e director da *Escolanía Angeles de Compostela*, cargos que desempeñou ata 1986. Neses mesmos anos foi profesor titular de música no IES Rosalía de Castro de Santiago e catedrático, no Conservatorio de Ponteareas. En 1986 trasládase a Lisboa, onde exerce como profesor de música no Instituto Español ata 1991, ademais de formar parte da misión cultural da embaixada española en Portugal. Posteriormente exerce como profesor de música no Instituto Padre Suárez de Granada, ademais de colaborar como profesor coa Universidade Granadina.



*Agora que non nos saen as palabras,
agora que non hai refuxio para a vosa ausencia;
agora que non queremos seguir sen vós.
Agora ... que soe a música.
Estades e estaredes en cada nota,
marcándonos o compás sempre!*

Organizan:



Colaboran:



30 de novembro
19.30 h

CERTAME MEMORIAL

*Na lembranza de
José Luis Segade Ferreiro e
Juan García Puente*

Coa participación de:

ORFEÓN RÍA DE MUROS

CORAL A. C. E MUSICAL SOLFA

CORAL POLIFÓNICA TRASDEZA

CORO DE HABANERAS ROCHA FORTE

CORO CRECENTE DE VOCES GRAVES DE CONXO



IGREXA DA MERCÉ DE CONXO



Fundada como Asociación Cultural no 1989, desde o ano 1990 asume a dirección Manuel Molinos, quen desenvolve os repertorios e a súa harmonización coral.

A coral ten organizado a celebración dos concertos extraordinarios anuais de nadal e a organización do Encontro Coral *Tardes de Primavera* que xa forma parte do arquivo histórico musical da Terra de Trasdeza con 33 edicións.

Sinalar a súa participación en programas como *Galeguidade*, *Luar* da TVG ou en *Galicia para el Mundo* de TVE. Ademais conta coa edición de dous discos, o primeiro en 1997 titulado *Trasdeza Canta* e o segundo *Cantando na vía da Prata* de 2015. En 1998 realizou unha pequena xira por Euskadi e Navarra cantando en Donostia para os galegos emigrados no País Vasco. Tamén é de mencionar o convite para cantar no Congreso Mundial de Scouts celebrado en Santiago de Compostela e viaxes fóra de Galicia en terras de Asturias, do Bierzo, Cáceres e Portugal.

Ao longo da súa historia a coral ten participado en actos moi diversos como as misas solemnes do peregrino na Catedral de Santiago de Compostela, certames de vilancicos e concertos, e recibiu premios importantes como o de *Mellor interpretación* no II Concurso Pelegrín celebrado en Santiago e os de *Mellor Vilancico Inédito* outorgado no Festival de Vilancicos Caixaviño en dúas ocasións.

A Coral Polifónica Trasdeza cumpriu pois máis de 30 anos de existencia e neste 2024 celebramos a XXXIII Edición do Certame *Tardes de Primavera* e fixemos un recoñecemento a María Berasarte, cantante Internacional que mantén lazos familiares e de veciñanza na localidade de Silleda.



O Orfeón Ría de Muros, foi fundado no ano 2011 a iniciativa da Asociación Cultural Faltriqueira. O Orfeón nace froito da grande afección dos muradáns ao canto coral, unha afección que forma parte do ser dos muradáns.

O orfeón veu a encher un pequeno baleiro, o de contar cun coro de voces masculinas, xa que, no momento da súa fundación, non existía outro na contorna.

Actualmente, está composto por un total de 26 voces masculinas, dirixidas polo mestre D. Ramón Domínguez Calvo.

O seu extenso currículo, responde á demanda que a expectativa de asistir á interpretación dun coro de voces graves, xenera. Habaneras, música relixiosa, folclórica, gregoriana, espirituais negros, e ata rock and roll, son algúns dos estilos que manexa esta agrupación. Os seus 15 anos de vida, tenlle permitido actuar en multitude de lugares da contorna, e en moitos eventos de diferente tipoloxía.

A agrupación pretende que este pequeno dos muradáns, siga sumando anos, e amenizando cada día máis.



CORO DA ASOCIACIÓN CULTURAL E MUSICAL SOLFA

A Asociación Cultural-Musical Solfa fundouse no barrio das Fontiñas de Compostela, no ano 1997. Centrou o seu traballo na formación musical da mocidade e no goce coa música, sempre co propósito de contribuír a reforzar e revalorizar a nosa cultura e a normalizar o noso idioma. O froito do traballo destes anos deu vida a unha banda de música, a unha coral e a un grupo de pandeireteiras.

Solfa fai parte do tecido cultural do noso país e acredita na importancia da riqueza cultural que atesoura Galiza. Somos conscientes de que o noso futuro como pobo pasa por recoñecermonos e estimármolos como galegos e galegos. A nosa cultura, música e lingua identifícanos colectivamente e sitúannos no mundo. Por iso, procuramos coñecela, usala, divulgala e potenciala.

Con máis de 100 pezas, o repertorio da nosa coral bebe da música tradicional galega e portuguesa. Tamén incluímos textos de poetas galegos e da lusofonía: Rosalía de Castro, Eduardo Pondal, Curros Enríquez, Francisco Añón, Cabanillas, Manuel María, Fiz Vergara Vilariño, Fernando Lopes Graça... Gravamos un CD e coa súa gravación pretendemos, humildemente, mais con moito sentimento, contribuírmos a difundir e enriquecer a nosa música.



PROGRAMA DO CONCERTO

I parte

CORAL POLIFÓNICA TRASDEZA DE SILLEDA

EL PEREGRINO

Popular Arr. Coro: Manuel Molinos Rivas

VIENTO DEL NORTE

de Nando Agüeros Arr. Coro: Manuel Molinos Rivas

Dirixe: Manuel Molinos Rivas

ORFEÓN RÍA DE MUROS

PALOMA MENSAJERA

Composición: José Ruiz Gasch.

LA PLAYA DEL QUERER

Popular

Dirixe: Ramón Domínguez Calvo

CORO DA A. CULTURAL E MUSICAL SOLFA

CARBALLOS DE CARBALLIDO

Letra: Eduardo Pondal
Composición: Alberte López Porta
Arr.: Francisco Tobar Cereijo

CAMPANAS DE BASTAVALES

Letra: Rosalía de Castro
Composición: Carlos Seráns

Dirixe: David Lojo Ces

CORO DE HABANERAS ROCHA FORTE

RECUERDOS DE IPACARAY

Composición: Demetrio Ortiz

VEINTE AÑOS

Composición: Guillermina Aramburú

Dirixe: Sebastián Fernández Tapia

CORO DE VOCES GRAVES CRECENTE DE CONXO

NON SEI

Letra: Emilio Álvarez
Composición: Manuel A. Jiménez

NEGRA SOMBRA

Letra: Rosalía de Castro
Composición: Xoán Montes

Dirixe: Francisco Xavier Freire Chico

PROGRAMA DO CONCERTO

II parte

AGRUPACIÓNS CORAIS PARTICIPANTES

ROMANCE DE DON GAIFEROS

Orixe do Romance:

Un dos romances galegos máis coñecidos, *Gaiferos de Mormaltán*, conta con fragmentos paradigmáticos que nos falan da dureza do *Camiño* que todo peregrino debe afrontar e superar, percorrendo grandes distancias por lugares e camiños. O romance, que puido ser cantado por trovadores e posteriormente por cegos, durante moitos anos, ás portas da basílica compostelá, xurdiu dun feito histórico, a morte de Guillermo X, duque de Aquitania, o venres santo de 1137, ante o altar do Apóstolo, en Santiago de Compostela. Efectivamente, Guillermo, a mediados do século XII, xa na súa vellez, decidiu peregrinar ao sepulcro apostólico probablemente pola necesidade espiritual de limpar algún sentimento de culpa e deixar marchar a súa alma en paz. Morreu mentres estaba na catedral, unha vez concluída a súa peregrinación. Este feito puido ser recollido e idealizado, por algún trovador medieval, que compuxo un dos máis fermosos romances de temática xacobeana e, sen dúbida, un dos máis famosos romances de tradición galega, o *Romance de don Gaiferos de Mormaltán*. A identidade do trovador que fala con Gaiferos, acompañao e axúdao no seu camiño permanece latente, non sería outro que o propio Apóstolo Santiago.

Solistas:

Cego: Xosé Lois Rivas (*Mini*)*D. Gaiferos*: José Luis Vázquez

Dirixe: Santiago López

III parte

CORO DE HABANERAS ROCHA FORTE

LAMENTO BORINCANO

Composición: Rafael Hernández
Solista: Juana María Segade Ferreiro

Dirixe: Sebastián Fernández Tapia

CORO DE VOCES GRAVES CRECENTE DE CONXO

Estrea das obras compostas para este Certame:

CANTOS DE AMOR E FE

Dedicada á memoria de Juan García Puente
Letra e Composición: Juan Carlos Cobas Prieto

AMIGO ADEUS

Dedicada á memoria de José Luis Segade Ferreiro
Letra e Composición: Juan Carlos Cobas Prieto
Arranxo: Anne Tooming

Dirixe: Francisco Xavier Freire Chico